

CAMPIONATO GALEGO DE FONDO EN CARRETERA – MONFORTE DE LEMOS 07-09-2019

MEDIDAS DE ORDENACIÓN DO TRÁFICO.

1º. PECHE DO ESTACIONAMENTO DO PARQUE DOS CONDES.

Pola necesidade de ubicación dos vehículos de soporte dos equipos participantes, así como os da propia organización, e polo peche o tráfico da rúa Compañía por constituir o punto de saída e finalización das diferentes probas a celebrar, o estacionamento do Parque dos Condes permanecerá pechado o uso público dende as 23:00 h. do día 06 de setembro de 2019 ata a finalización do evento prevista para a partir das 21:00 h. do sábado día 07 de setembro de 2019.

2º. SUPRESIÓN DE ESTACIONAMENTO EN RÚAS AFECTADAS POLA ACTIVIDADE.

En igual horario, e dicir, dende as 23:00 h. do día 06 de setembro de 2019 ata a finalización do evento prevista para a partir das 21:00 h. do sábado día 07 de setembro de 2019, suprimirase o estacionamento nas seguintes rúas, ou tramos, en que se sitúa a zona de saída e a meta das diferentes probas:

- RÚA CARDENAL: Tramo entre Av. Galicia e Roberto Baamonde.
- RÚA COMPAÑÍA: Tramo entre Glorieta de Puente Fontecha e Glorieta de acceso o Parque dos Condes.
- RÚA COMPAÑÍA: Tramo entre Glorieta de acceso o Parque dos Condes e rúa Francisco Moure, en ambos lados.
- RÚA DALMIRO DE LA VALGOMA: A totalidade da marxe dos pares.

3º. CORTE DO TRÁFICO EN RÚA COMPAÑÍA.

No horario comprendido entre as 14:00 h e a finalización das probas, prevista para a partir das 21:00 h. do sábado día 07 de setembro de 2019, pecharase o tráfico a rúa Compañía dende o seo inicio na Praza Puente Fontecha ata o paseo de Lugo e pola parte de rúa Francisco Moure, pecharase ata o enlace desta con rúa Sárria.

Mentres dure este corte, o tráfico con destino ou procedencia da zona de Carud/A pinguela establécese por Avenida de Galicia, rúa Sárria (ou Celso Emilio Ferreiro), rúa Francisco Moure e rúa Dalmiro de la Valgoma, que se establecerá provisionalmente en dobre sentido de circulación.

Entre as 12:00 e as 14:00 haberá cortes puntuais de tráfico no tramo correspondente as “CASITAS” para montaxe das instalacións de saída en meta. Ditos cortes serán regulados por persoal da Policía Local.

4º. ESTABLECIMENTO DO TRÁFICO EN DOBRE DIRECCIÓN EN RÚA DALMIRO DE LA VALGOMA.

Dende as 13:00 h do sábado día 07 de setembro de 2019 ata a finalización do evento prevista para a partir das 21:00 h. do sábado día 07 de setembro de 2019, a rúa Dalmiro de la Valgoma estará con tráfico establecido en dobre sentido.

Para elo, con inicio a partir das 23:00 h. do día 06 de setembro, suprimirase o estacionamento na marxe correspondente os pares, prohibición que durará o mesmo tempo que a vía este en réxime de dobre sentido de circulación

5º. CORTES DE TRÁFICO EN CARREIRA.

As rúas CARDENAL (tramo non peonil), AVENIDA DE GALICIA (tramo entre rúa Cardenal e rúa Ourense), RÚA OURENSE e N-120a, así como o acceso as mesmas dende as rúas con enlace nelas, permanecerán pechadas completamente o tráfico durante o paso, tanto de saída como de chegada a meta, das diferentes probas que integran o campionato.

Ditos **horarios de peche absoluto do tráfico** estimase que serán:

- De 14:30 a 15:15 – Correspondendo coa saída da categoría “JUNIOR”
- De 16:45 a 17:45 – Correspondendo coa chegada da categoría “JUNIOR” e a saída da categoría “CADETES”
- De 18:30 a 19:15 – Correspondendo coa chegada da categoría “CADETES” e a saída da categoría “FÉMINAS”
- De 19:45 a 20:30 – Correspondendo coa Chegada da categoría “FÉMINAS”

No restante horario a Policía Local regulará a apertura o tráfico dos tramos en que sexa posible en función do desenrolo da competición.

Ditos **horarios de circulación controlada** do tráfico estimase que serán:

- De 15:15 a 16:45 – Correspondendo co desenrolo en ruta da categoría “JUNIOR”
- De 17:45 a 18:30 – Correspondendo co desenrolo en ruta da categoría “CADETES”
- De 19:15 a 19:45 – Correspondendo co desenrolo en ruta da categoría “FÉMINAS”

Monforte de Lemos, 04 de setembro de 2019